



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, ditou a seguinte  
**RESOLUCIÓN**

**ASISTENTES**

**PRESIDENTE**

D. Gerardo Zugasti Enrique

**VOGAIS**

D. Enrique Martínez Chamorro  
(Xefe do Servizo de Montes )

D. Víctor Abelleira Argibay  
(Representante colexio de avogados da  
provincia)

D. X. Carlos Morgade Martínez  
(Representante das CMVMC da provincia )

Dna. Lorena Peiteado Pérez (Letrada da  
Xunta de Galicia)

**VOGAIS REPRESENTANTES DA  
CMVMC DE FONTECOBA**

D. José Ramón Pintos Cancela  
D. Serafín Pereira Peña

**SECRETARIA**

Dna. Ana Belén Fernández Dopazo.

Na cidade de Pontevedra, sendo as 17:30 horas do día 27/10/10, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do Edificio Administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre resolución do expediente de clasificación dos montes denominados “**Outeiro de Martís e outeiro de Liño**” solicitados a prol da CMVMC de Fontecoba, do concello de Cuntis.

**ANTECEDENTES DE FEITO**

- **PRIMEIRO.-** Con data de entrada 19 de outubro de 2007, don José Ramón Pintos Cancela , actuando en calidade de presidente da Comunidade de Montes Veciñais de Fontecoba, Concello de Cuntis, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación do monte denominado “**OUTEIRO DE MARIÍS**” e “**OUTEIRO DE LIÑO**”, como veciñal en man común a favor CMVMC que representa, acompañando diversa documentación consistente en: declaracións xuradas dos veciños do lugar en relación ao aproveitamento consuetudinario e exclusivo dos montes referidos polos veciños do lugar de Fontecoba (broza, pasto, leñas e madeiras); memoria, planos topográficos e coordenadas UTM dos Outeiros.



- **SEGUNDO:** O Xurado Provincial de Montes en Man Común de Pontevedra, acordou, unha vez cumpridos os trámites pertinentes, en sesión de 24 de maio de 2008, incoar o corresponde expediente de clasificación do devandito monte.
- **TERCEIRO:** De conformidade co establecido no artigo 20 de Decreto 260/1992 solicita informe preceptivo do Servizo de Montes e Industrias Forestais que é recibido polo Xurado de Montes con data 9 de xuño de 2008, no que se fai constar como estado natural e uso actual o forestal, sinalando que a maior parte da superficie está con pino pinaster de 20-35 anos, pendente de corta a matarrasa para posterior plantación de frondosas respectando o diseminado de carballos que hai entre o pino.
- **QUINTO:** O Rexistro da Propiedade correspondente certifica con data 7 de xaneiro de 2010 que o monte solicitado non figura inscrito a nome de persoa algunha.
- **SEXTO:** Unha vez feitas de xeito fehaciente as comunicacións a todos os interesados e rematado o prazo de exposición no taboleiro de Edictos do Concello de Cuntis non consta a presentación de ningunha alegación en contra da clasificación solicitada pola CMVMC de Fontecoba respecto dos montes obxecto do presente expediente.
- **SETIMO:** Á vista da documentación aportada polo solicitante e o Informe do Servizo de Montes, os monte obxecto do presente expediente obedecen a seguinte descrición:

**CONCELLO: CUNTIS**

**PARROQUIA: FONTECOBA**

**NOME DO MONTE: " OUTEIRO DE MARTIS"**

**Cabida:** 9.153 m<sup>2</sup> (superficie alegada na solicitude)

**Lindes:**

**Norte:** Camiños de Fontecoba ó Penedo e de Fontecoba ós Prados



**Leste:** Muro que separa de predios particulares do lugar de Fontecoba pertencentes a Hrdos. de Belia Lousame Pazos, Manuel García, Carmen Folgar Fernández, Estrella Tato Aboy e camiño de Fontecoba ó Penedo.

**Sur:** Camiño do monte Taboada ó Monte Casalvello

**Oeste:** Muro que separa de predios particulares do Lugar de Fontecoba pertencentes a Elsa Baños Rodríguez, Agustina Guimarey Pena , Hrdos. de Carmen Pazos Fontenla e camiño de Fontecoba ós Prados.

### **NOME DO MONTE: OUTEIRO DO LIÑO**

**Cabida:** 18.197 m<sup>2</sup> (superficie alegada na solicitude)

#### **Lindes:**

**Norte:** Muro que separa de predios particulares de Carmen Pazos, Julio Fojo Tato, Manuel Aboy, Ramón Alonso Fojo e outros.

**Leste:** Camiño que separa de predios particulares do lugar de Fontecoba pertencentes a Hrdos. De Marcelino Folgar, José Rivas López e outros.

**Sur:** Camiño da Fonte (Fontecoba) ó Monte Taboada e muro que separa de predios particulares do lugar de Antonio Fontenla, Erundina Rodríguez, Purificación Rivas Porto, Julio Fojo Tato e outros.

**Oeste:** Muro que separa de predios particulares do lugar de Fontecoba pertencentes a Ramón Alonso Fojo, Hrdos. De Belia Lousame Pazos, Hrdos. De Brígida López e Hrdos. De Julio Fojo Tato.

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

Iº).-O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra é o órgano competente para coñecer dos expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, de 10 de outubro.

IIº).-De conformidade co artigo 1 do referido texto normativo e o artigo 1 do Decreto 240/1992 de 4 de setembro comprende entender por monte veciñal en man común:



## Artículo 1.

*Son montes vecinales en mano común y se registrarán por esta Ley los que, con independencia de su origen, sus posibilidades productivas, su aprovechamiento actual y su vocación agraria, pertenezcan a agrupaciones vecinales en su calidad de grupos sociales y no como entidades administrativas, y se vengán aprovechando consuetudinariamente en régimen de comunidad sin asignación de cuotas por los miembros de aquellas en su condición de vecinos.*

Así pois, de acordo coa propia dicción literal deste artigo e a prolixa xurisprudencia existente na materia, o feito que determina a clasificación ou non como veciñal do monte en cuestión é a circunstancia de terse acreditado de forma sólida e fehaciente o aproveitamento consuetudinario en man común pola agrupación veciñal, ao marxe das cuestión relativas á titularidade dominical e demais dereitos reais.

IIIº).-Extrapolando o concepto e esixencias que se condensan na normativa analizada ao caso concreto, e tomando en consideración moi especialmente as observacións que se condensan no informe emitido polo Servizo de Montes e Industrias Forestais relativas ao aproveitamento e uso actual do montes, así como as declaración xuradas dos veciños sobre este extremo, pódese colixir que queda acreditado de xeito suficiente o aproveitamento consuetudinario con carácter exclusivo sobre as parcelas respecto das cales se solicita a clasificación, sen que conste ningún escrito presentado por terceiros no que se discuta tal extremo nin reivindicación sobre o uso das parcelas obxecto do presente expediente.

Finalmente, e como matización complementaria, que en absoluto desvirtúa a conclusión exposta no parágrafo precedente, ha de advertirse que as parcelas denominadas Outeiro de Martís e Outeiro de Liño sobre as que se interesa a clasificación aparecen no catastro, tal como se recolle no informe emitido pola Sección de Topografía, de data 28 de decembro de 2008, baixo a titularidade do Concello de Cuntis.

En relación a este punto resulta de aplicación o disposto no artigo 12 da Lei 55/1980 e o artigo 27 do Regulamento de Montes Veciñais en Man Común (Decreto 260/1992) a cuxo tenor non será obstáculo para a clasificación do monte como veciñal en man común a circunstancia de estar incluído nos catálogos, inventarios ou rexistros públicos con asignación de diferente



titularidade, excepto que os asientos se practicasen en virtude de sentenza ditada en xuízo declarativo, circunstancia que non concorre no presente caso. No mesmo sentido se ven pronunciando o propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia podendo citar a título ilustrativo a sentenza de data 2 de novembro de 2000.

En consecuencia, vistos os antecedentes mencionados, a Lei 13/1989, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, de 4 de Setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, este Instructor, en uso das facultades que ten conferida, propón e o **Xurado** acorda por unanimidade **A CLASIFICACIÓN** do MONTE OUTEIRO DE MARTÍS E OUTEIRO DE LIÑO solicitado pola CMVMC de FONTECOBA, Concello de Cuntis, ao reunir os requisitos esixidos no artigo 1 da Lei 13/1989, de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito sétimo e a planimetría elaborada ó efecto polo servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da resolución.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

